



Deputación
DA CORUÑA

Nº 46
23/05/2018

Boletín de Medio Ambiente



Praia de Perbes-Andahío

Concello: Miño

Características: ademáis de ser unha praia de bandeira azul está moi ben resgardada do vento e as súas augas son tranquilas.

Servizos: conta cun fácil acceso tanto a pe coma en transporte público ou en coche. Ademáis, dispón de aseos, duchas, papeleiras, servizos de limpeza, vixilancia e socorrismo, acceso para minusválidos e establecementos de comida e bebida.

Noticias

A produción de *bitcoin* consumirá dentro de pouco tanta electricidade como Holanda

Para finais de 2018, o minado de criptomonedas, cuxo principal representante é o *bitcoin*, consumirá un 0,5% do total de electricidade producida no mundo, o que equivalería ao consumo eléctrico dun país do tamaño de Países Baixos. Esta é a conclusión á que chegou un estudo recentemente publicado na revista *Joule*. Que engade, que a finais de 2018 a cifra podería aumentar drásticamente ata o 1,8%, o que equivalería a toda a produción de enerxía de paneis solares na actualidade.

Fonte: El Mundo

O Goberno non inclúe multas aos comercios que incumpran a obrigaón de retirar as bolsas de plástico

O Goberno aprobou o decreto que traslada a España a normativa europea sobre redución de uso de bolsas de plástico. Os comercios deberán cobrar desde o 1 de xullo polas bolsas lixeiras entre 5 e 15 céntimos. A partir de 2021, non poderán distribuír bolsas lixeiras ou moi lixeiras que non sexan biodegradables á clientela. O decreto non prevé sancións, a ministra de Medio Ambiente explicou que faranse controis a través dun rexistro de produtores.

Fonte: El Diario

Datos interesantes e solucións para protexer ás abellas

As poboacións destes polinizadores, claves para a agricultura, están en declive en lugares como a Unión Europea:

- ✿ As abellas polinizan 170.000 especies diferentes de plantas.
- ✿ Polo menos 1/3 de cada cucharada de mel depende da polinización.
- ✿ Unha abella melífera produce 1/12 parte de cucharada de mel en toda a súa vida.
- ✿ Para producir 1kg. de mel, unha abella debe visitar 4 millóns de flores e percorrer unha distancia equivalente a dar a volta ao mundo catro veces.
- ✿ Unha colonia de abellas é comparable cunha cidade pequena en canto ao número de individuos. Aloxa entre 30.000 e 60.000 obreiras, de 300 a 1.000 zánganos e unha raíña.
- ✿ Non hibernan, senón que seguen activas durante todo o inverno.
- ✿ As melíferas son a única especie de abella que morre tras lanzar unha picadura.
- ✿ Os seus paneis están entre as estruturas mellor deseñadas e organizadas da natureza: as súas paredes xúntanse en ángulos de 120º, formando hexágonos completos.

Entre as medidas que os cidadáns poden tomar para protexelas están:

- ✿ Cultivar plantas con fins decorativos en terrazas, balcóns e xardíns.
- ✿ Colocar caixas para que as abellas poidanse instalar en terrazas ou xardíns.
- ✿ Utilizar pesticidas que sexan inofensivos e ao pulverizalos facelo en días sen vento, cedo ou ao final do día, cando as abellas están nas súas colmeas.
- ✿ Concienciar sobre a súa importancia.
- ✿ Evitar cortar o céspede ou segar cando as plantas están a florecer.

Fonte: El País

A Semana Verde 2018 chega ao seu ecuador

Arrincou este luns en Utrecht (Holanda), este ano trata sobre a ecoloxización das cidades e se clausurará este venres en Madrid. Durante esta semana, a UE aborda os retos para lograr que se produza a transición sustentable das cidades, que está a apoiar a través de normativas, ferramentas e dotación financeira.

Coa expectativa de que máis do 80% dos europeos viva nunha zona urbana para 2020, a presión ambiental nas cidades está a crecer. Desde plans para pasar a ser neutras en carbono á planificación urbana sustentable. Outro obxectivo é garantir que só o 10% ou menos dos residuos urbanos cheguen ás entulleiras para 2035. A recollida selectiva de residuos biolóxicos será obrigatoria para 2023.

Ademais, a Semana Verde será testemuña do lanzamento da nova *Green City Tool* que permitirá ás cidades valorar o seu rendemento ecolóxico e cualificarse respecto doutras cidades. Por último, esta noite anunciaranse os *Premios LIFE*, que recoñecerán os proxectos máis innovadores e eficaces nos campos da protección do medio ambiente.

Fonte: Ambientum

Sabías que...

cada ano úsanse 500 mil millóns de bolsas de plástico no mundo? E ademais, o 50% do plástico é desachable ou dun só uso? Na última década produciuse máis plástico que todo o século pasado.

Estes son datos sobre consumo de plástico a nivel mundial que deberían servir para sensibilizar e darnos conta de que non é tan difícil levar unha bolsa de tea connosco cando imos facer compras.

Boas Prácticas

Trinta alcaldes da provincia impulsan as súas infraestruturas verdes

Onte mesmo asinaron a declaración conxunta os 30 alcaldes da provincia coruñesa para poñer en marcha 18 proxectos centrados na mellora e posta en valor de infraestruturas verdes.

Tras identificar os obxectivos e prioridades, a conselleira de Medio Ambiente indicou que o seguinte paso será a procura de «máis actores implicados», en referencia a outras Administracións, así como de financiamento, especialmente na Unión Europea.

Fonte: La Voz de Galicia

Cans e donos, unidos polo deporte solidario

Ao redor de 700 participantes coas súas mascotas no *Correcán* organizado por *CanCoruña* para axudar ás protectoras de animais.

Andando ou correndo, pero cunha correa na man par ir acompañado dun can. Iso foi o único importante no *Correcán Solidario* que se celebrou o pasado domingo no paseo marítimo. Nin clasificacións nin medallas. Os case 700 participantes axudan coa súa inscrición ás protectoras de animais, ás que irá destinado o diñeiro recadado pola organización *CanCoruña*.

Ademais de para gozar, a proba serviu tamén para concienciar. A asociación animalista fomenta a adopción para acabar coa saturación dos refuxios. Ata un participante canino portaba un cartel coa frase: "Son adoptado, agora son feliz".

Fonte: La Opinión Coruña

Volve '1m² pola natureza'

O próximo 16 de xuño terá lugar a batida anual de lixo en diferentes puntos de todo o territorio nacional. Este ano fomentouse a colaboración cidadá xunto con administracións públicas e empresas para combater a *basuraleza*. Na primeira edición, ata 5.000 "Heroes Libera" realizaron batidas de limpeza en 175 puntos de especial valor ecolóxico, recollendo máis de 30 toneladas de lixo.

Fonte: Iresiduo

Os voluntarios de BIObserva avistaron cen especies de aves nun mil 'olladas'

Víaqua conmemorou onte o Día Mundial da Biodiversidade Biolóxica celebrando o primeiro aniversario da posta en marcha do programa de voluntariado ambiental *BIObserva*, no que se avistaron xa preto de 100 especies distintas de aves.

Fonte: El Correo Gallego

Axenda Ambiental

- 🌿 Maio 2018 – Xuño 2018: Exposición "Un Oasis no Asfalto. Usos e funcións esenciais das zonas verdes urbanas" Concello de Madrid
- 🌿 30/05/2018 – 01/06/2018: VII Congreso Internacional de Agroecoloxía, Córdoba
- 🌿 Ata o 31/05/2018: X Concurso Fotográfico "No Parque Vivo" sobre o Parque Rexional do Sueste, Asociación Centro Trama

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal